

Ola familias!

Espero que esteades pasando estas semanas o mellor posible, supoño que coma min desexando que todo isto remate e poidamos volver á normalidade e ó día a día cos pequenos e pequenas no cole.

Ademais do que xa vos mandei na carpeta o último día que tivemos clase, vouvos a escribir unha serie de recomendacións e ligazóns para que as empreguedes se vos axudan nestes días, por suposto non é nada obrigatorio, tede en conta que os nenos e nenas xa teñen suficiente con non poder saír da casa, e gracias que todos ou polo menos a maioría podemos desfrutar do aire libre das nosas fincas, aínda así probablemente estean máis enfadados/as, protestóns/as ou irritables do normal xa que eles non chegan a entender a situación ó completo e tamén lles afecta que os adultos estamos máis ansiosos e preocupados. Polo tanto, debes buscar o que mellor vos funcione, se iso é pasar a maior parte do día correndo pola horta, pois adiante, con que leades algúns contos e repaseses un pouquiño números e letras como vos enviei é suficiente.

Estas ligazóns terán fichas para descargar, se non tedes impresora na casa non vos preocupedes, non as fagades e listo, incluso podedes coller as ideas e debuxalas vós mesmos se tedes tempo:

- <https://www.edufichas.com/descargas/cuaderno-de-grafomotricidad-2/>
- <https://www.edufichas.com/descargas/cuaderno-de-grafomotricidad-y-grecas/>
- <https://www.edufichas.com/descargas/grafico-cuaderno-4/>
- <https://www.imageneseducativas.com/cuadernillo-complementario-para-4-anos-educacion-preescolar/>

Nesta podedes atopar xogos educativos en liña:

- <https://arbolabc.com/>
- <https://www.elbuhoboo.com/>

Esta para colorear online:

- <https://www.colorear-online.com/>

Aquí podeades atopar recursos gratuítos en rede como contos, visita a museos...

- <https://www.gaiaecocrianza.com/blog/recursos-xeitosos-para-tempos-de-corentena/>

Para facer manualidades:

- <https://www.pequeocio.com/manualidades-infantiles/>

Ademais de todo isto se entrades en Youtube e escribides: contos en galego, poderedes ver moitos dos que traballamos na clase, así mesmo se buscades artistas como : Migallas, Magín Blanco, Sonárbore, María Fumaça, Uxía Lambona e a Banda Molona, Paco Nogueiras, Mamá Cabra..., poderedes atopar un montón de cancións que tamén soemos escoitar no cole e que lles gustan moito.

Volvo a repetir que non vos agobiedes, que xoguedes moito e desfrutedes todo o que poidades o tempo que pasemos en familia, que serán os mellores aprendizaxes que lles podemos deixar ós nosos fillos e fillas. Agardo de verdade que todos e todas esteades o mellor posible.

Déixovos o meu correo electrónico para as posibles dúbidas que poidan xurdir ou para o que precisades: alba.rivas@edu.xunta.es

Sen máis, despídome ata a próxima, que agardo que poida ser na aula e moi pronto.

Moitos biquiños para os meus e as miñas peques que os boto moitísimo de menos, aínda que a algúns véxoos tódolos días nos retos de Ardemiro e están guapísimos e guapísimas.

Saúdos familias

Alba Rivas